



ser lingua non é fácil



Introdución

Ser lingua non é fácil e isto serve non só para a realidade galega. Linguas que hoxe son ensinadas nas nosas Escolas de Idiomas tiveron momentos críticos na súa historia.

Non os tivesen superado e hoxe non serían o que son.

Foi o que se pasou en **Portugal**, na **Inglaterra** ou na **Italia**. Ás veces, é algunha das súas variedades a que sofre unha situación diglósica, é o caso do **español en Porto Rico**, o **francés no Quebeque**, o **alemán na Alsacia** e o **holandés na Flandres**.

Como veremos nas historias que aparecen a seguir, existen varios condicionamentos sociais que poden provocar que unha comunidade perda a súa lingua:

- *Que as súas elites económicas e sociais falen unha lingua diferente por ser esta de mais prestixio.*
- *Carecer de Estado propio e estar inserido nun que priorize unha lingua “común” diferente da falada pola comunidade.*
- *Que a comunidade non teña soberanía sobre as políticas linguísticas que a afectan.*
- *Que a comunidade sexa bilingüe porque, se non mudaren os condicionantes sociais, o paso seguinte é o monolingüismo na lingua mais forte.*
- *Que a comunidade non teña consciencia da súa identidade.*
- *Que a comunidade viva inserida culturalmente noutra.*
- *Que se perda a transmisión lingüística dos pais para os fillos.*
- *Que se perda a comunicación con falantes da mesma comunidade linguística noutros estados.*



ser lingua non é fácil

Inglaterra



Inglaterra, 1066

Após venceren na batalla de Hastings, os normandos invadem a illa provocando o desaparecemento da aristocracia anglo-saxónica. Todos os postos de goberno e toda a nobreza política, económica, relixiosa e cultural serán de orixe francesa durante 300 anos.

Por este motivo, o francés vaise tornar imprescindible para a promoción social residindo o inglés nas bocas do campesinado.

O nobre Robert de Gloucester describe a situación nunha crónica de 1298:

"If someone doesn't speak French, he is not taken into consideration... I think that there is no country in the world that is not attached to its own language, with the exception of Britain"

"Se alguém não sabe francês não é tomado em consideração ... Eu creio que não existe nenhum país no mundo que não adira à própria língua, a exceção do de Inglaterra"

A situación diglósica favorece a entrada de numerosas palabras francesas no inglés moitas veces substituindo outras anglo-saxónicas ou provocando a súa especialización.

Inglaterra, s. XIV-XV

A Guerra dos cen anos (1337-1453) nace como un conflito dinástico polo trono francés entre o rei inglés Eduardo III e Filipe, conde de Valois.

A longa duración da guerra irá creando un sentimento nacional antagónico entre ingleses e franceses.

O seu correlato lingüístico é o rechazo que a nobreza inglesa comeza a profesar ao francés, a final, a lingua dos outros, do inimigo.

1349 – a Universidade de Oxford começa a usar o inglés nas súas aulas.

1361- o Parlamento declara o inglés como lingua xurídica do país.

No entanto, aínda haberá que esperar até Henry IV (1399-1413) para encontrar o primeiro rei da Inglaterra que teña o inglés como lingua materna.

ser lingua non é fácil

Quebeque



Quebeque s. XVIII-XIX.

En 1760, o Goberno británico crea a provincia do Quebeque, que incluía 65.000 falantes de francés por 300 de inglés que son os que monopolizarán o poder executivo.

O proceso de industrialización deseña unha paisaxe onde o inglés é a lingua dos cadros dirixentes e dos patróns, portanto a lingua do éxito social, en canto o francés é falado polos operarios que veñen do rural.

A minoría anglófona ten garantido o ensino na súa lingua en escolas pagas polo estado, dereito de que carece a maioría francófona cuxas escolas son acusadas de estranxeirantes e inútiles:

"...[these are] the origins of, not just a foreign language, but also of foreign customs, of foreign sentiments, and of a totally foreign people. The regime adopted in schools prevents the new generation from rising above the average intellectual level of the standard Lower Canada inhabitant." (Reproducido nun xornal de Toronto.1886)

"...son os focos non só de unha lingua estrangeira mais tamén de costumes estranxeiros, de sentimentos estranxeiros e de un pobo enteiramente estranxeiro. O rexime adoptado nas escolas impide a xoven xeración de se elevar por cima do nivel intelectual do habitante medio do Baixo Canadá."

Quebeque s. XX.

1960 - Ocorre a **Revolución Tranquila**. O Partido Liberal de Quebeque, federalista, vence nas eleccións co lema:

"Il est temps que ça change" (**É tempo para isto mudar**) e asistimos a unha transformación da identidade nacional: de franco-canadenses para quebequeses.

Na esfera económica, a goberno procura aumentar o control económico da provincia polos francófonos, a cal, até entón, fora dominada por anglo-canadenses e investidores estado-unidenses.

1967 - O presidente francés De Gaulle visita o país e proclama: **«Vive Montréal! Vive le Québec! Vive le Québec... libre! Vive le Canada français et vive la France!»**. É intensamente aplaudido polas persoas asistentes e pesadamente criticado polo primeiro ministro canadiano.

1969 - A lingua francesa é igualada á lingua inglesa por todo o sistema federal de goberno, tornando o **Canadá unha nación bilingue e multicultural**.

1977 - **O francés é declarado a única lingua oficial da provincia** e en 1980 realízase un referendo para a independencia do Quebeque onde 40% dos votantes votan a favor. En 1995, o número de participantes que votan por separarse do Canadá sobe para 49,7%.

ser lingua non é fácil

Porto Rico



Porto Rico, 1898.

A Guerra Hispano-americana transfere Porto-Rico para a soberanía dos EUA cuxas políticas para a illa veñen anunciadas polo seu Consul, Mr. Philip C. Hanna:

"What is best for this island is that anything Spanish will be changed: the Spanish government system, Spanish Law, Spanish courts of justice, Spanish tax system, Spanish customs, the Spanish educational system (which promotes ignorance amongst poor people), Spanish superstitions and, I also hope that the Spanish language becomes a thing of the past on this island."

"O mellor para esta illa é que todo o español veña a ser mudado; a forma española de goberno, o Dereito español, os tribunais españois, os métodos españois de tributación, os costumes españois, o sistema de educación español (que promove a ignorancia entre os pobres), as supersticións españolas e eu tamén espero que o idioma español se veña a tornar cousa do pasado nesta illa."

En 1915, o comisario Paul G. Miller lanza o eslogan do bilinguismo: **"Conversation in Spanish and learning English"** que se traduce no uso do español no ensino primario en canto o ensino secundario e o superior ten como lingua vehicular o inglés a fin de promover o bilinguismo e no futuro a substitución do español polo inglés.

Porto Rico, 2003.

Durante todo o século XX até hoxe, a "man invisíbel do mercado" ten promovido o avance do inglés fronte ao español a través de varias vías:

- **a presenza maioritaria do inglés no ensino e nas empresas.**
- **a presenza masiva da cultura cinematográfica e musical estado-unidense.**
- **a dependencia económica de 65% da poboación a respecto da axuda federal e o monopolio da economía por parte de empresas norte-americanas.**
- **a aculturación dos xovens que entran no exército ou emigran para os EUA como a cantante Jennifer Lopez cuxa lingua materna é o inglés e que só recentemente aprendeu o español.**

En 2003, o **Senado de Porto-Rico** aproba unha proposta de lei pola cal o español se tornaría o idioma principal do país e deixaría o inglés como lingua secundaria.

Esta proposta de lei vai ser debatida na **Cámara de Representantes Norte-americana** que é que ten a **soberanía** para tomar esta decisión.

A relación administrativa entre Porto Rico e os EUA presenta tres actitudes:

a plena anexión, o estatuto de estado libre-asociado e a independencia.

Os referendos realizados teñen dado o triunfo ao estatuto de estado libre-asociado que se traduce na ausencia de importantes cotas de soberanía política.

ser lingua non é fácil



Alsacia



Alsacia 1648-1945

Durante mais de 1.000 anos a variedade xermánica foi a única utilizada nestas terras até que en 1648 unha grande parte da rexión vai parar ao Reino da Francia.

Coa Revolución francesa inícianse políticas destinadas a impor o francés como a única lingua da República. O revolucionario Bertrand Barère afirmaba en 1794:

"Le fédéralisme et la superstition parlent bas-breton, l'émigration et la haine de la République parlent allemand; la contre-révolution parle italien et le fanatisme parle basque. Cassons ces instruments de dommage et d'erreur."

"O federalismo e a superstición falan baixo-bretón, a emigración e o odio á República falan alemán; a contra-revolución fala italiano e o fanatismo fala basco. Quebreemos estes instrumentos de dano e de erro"

Até a 2ª Guerra Mundial, Alsacia muda de soberanía varias veces. Segundo a domine a Alemaña ou a Francia, as políticas linguísticas e culturais serán extremadamente proclives a unha ou a outra lingua.

Alsacia de 1945 até hoxe.

Desde 1945, acabada a II Guerra Mundial, a Alsacia pertence a Francia.

A variedade alsaciana é proscriba na escola, os escolares son castigados cando o usan nas aulas e é considerado un atranco para o progreso persoal mais, sobre todo, será vista como unha vergoña nacional pola súa ligación coa lingua alemá. Todo isto provoca que a transmisión familiar da lingua fiquen moi deteriorada.

O eslogan promovido polas autoridades francesas é ***"Le français c'est chic"***.

Por volta de Maio do 68, unha nova xeración toma consciencia da situación linguística. Aos poucos, a contestación aumenta, novas organizacións e xornais son creados e vaise espallando a idea de o alsaciano representar un elemento do patrimonio e o alemán estandar unha utilidade que é preciso difundir.

En comezos de 80, os partidos políticos integran progresivamente as demandas rexionalistas nos seus programas.

Hai poucos anos, as primeiras aulas bilingües, con paridade horaria, teñen sido creadas.

O vento parece ter mudado, ora... será tarde de mais?

Falantes en 1900 - 95%

Falantes en 2001 - 61%

ser lingua non é fácil

Italia



Florenza, s. XIV-XV

As linguas que se formaron a partir do latín conviviron con este durante séculos disputándose os usos sociais de maior prestixio.

O italiano baseado no dialecto toscano foi a lingua neolatina que sofreu unha maior concorrência; ao final, o latín tamén nacera na Italia.

En moitas ocasións os intelectuais humanistas ignoraron ou desprezaron abertamente a lingua moderna e os seus grandes escritores como Dante, Petrarca e Boccaccio.

O humanista Niccolò Niccoli opinaba así a respecto de Dante:

“Dante dovrebbe essere rimosso dalla schiera dei letterati e lasciato in compagnia di lanaioli, fornai, e altra gente del genere”

“Dante debería ser eliminado da elite dos literatos e deixado cos traballadores da lá, forneiros, e outra xente desta caste.”

Italia, s. XIX

En 1861 prodúcese a unificación política italiana. Os seus artífices lánzanse á tarefa de construír unha lingua nacional onde había numerosas variedades lingüísticas.

Ao escritor Manzoni foi encomendada a elaboración dun dicionario moderno de italiano. Na súa obra *Dell'unità della lingua* (1870) declara:

“(...) dopo l'unità di governo, d'armi e di leggi, l'unità della lingua è quella che serve il più a rendere stretta, sensibile e profittevole l'unità d'una nazione.”

“(...) depois da unidade do goberno, das armas e das leis, a unidade da lingua é o mellor medio para estreitar, sensibilizar e aproveitar a unidade dunha nación.”

Para este labor, o único modelo lingüístico común existente entre os varios estados era un modelo de italiano literario elaborado polas elites e baseado na variedade toscana. Só 3% da poboación a falaba.

Ahí comeza o andamento do italiano contemporáneo, que se irá difundindo, sobre todo no século XX, en todos os estratos sociais, a través da escolarización gratuita e obrigatoria, do servizo militar e os medios de masas, a radio e a televisión, hoxe tamén a Internet.

ser lingua non é fácil

Portugal



Portugal, 1580 - 1640.

En 1580 Filipe II coróase monarca portugués co apoio da nobreza e a burguesía iniciando a Unión Ibérica que dura 60 anos.

O facto de a corte real estar en Castela ben como o maior peso económico e político de esta, crea nas elites portuguesas unha diglosia que se traduce no uso do castelán en grande parte das obras literarias e ensaísticas deste período.

Os argumentos con que se xustifica esta **diglosia** son atinxir un público mais alargado, a maior clareza do castelán e, ás veces, a pobreza do portugués.

Neste contexto algúns escritores e escritoras de Portugal senten a necesidade de se desculpar por renunciaren a súa lingua en beneficio de unha estranxeira. É o que fai Bernarda Ferreira, autora de *España Libertada*.

“Y tu mi patrio reino lusitano que de muchos de Europa eres corona, si por escribir esto en castellano he dejado tu lengua, me perdona; que es el origen de la historia hispana y quiero que mi musa, pues la entona, también a lo español vaya vestida para ser más vulgar e conocida.”

Portugal, s. XVII

Ainda que, en teoría, Portugal mantén a autonomía administrativa e os seus dominios continúan separados das posesións españolas, na práctica o poder administrativo castelán vai anulando gradualmente a autonomía lusitana.

A tentativa do Duque de Olivares de usar tropas portuguesas para abafar unha rebelión catalá acelera a revolta que, liderada por parte da nobreza, coroa João IV como rei de Portugal.

Que se tería pasado se Portugal continuase a ser gobernado desde Madrid? En opinión da estudiosa Pilar V. Cuesta:

“Arrastado durante um período de tempo mais ou menos longo, o bilinguismo diglósico teria terminado por desembocar num monolinguismo: português se – como se passou – Portugal recuperasse a sua independência, castelhano se fosse totalmente assimilado e se convertesse, não só administrativa como cultural e vivencialmente, em província espanhola.”



ser lingua non é fácil

Flandres



Flandres, s. XIX

En 1830 é creado o Reino da Bélxica cunha zona de lingua francesa, a Valonia, e outra que fala unha variedade xermánica próxima do holandés, a Flandres. Charles Rogier, primeiro ministro belga, afirma en 1832:

Les premiers principes d'une bonne administration sont basés sur l'emploi exclusif d'une langue, et il est évident que la seule langue des Belges doit être le français. Pour arriver à ce résultat, il est nécessaire que toutes les fonctions civiles et militaires soient confiées à des Wallons; de cette manière, les Flamands, privés temporairement des avantages attachés à ces emplois, seront contraints d'apprendre le français, et l'on détruira ainsi à peu l'élément germanique en Belgique.

A resposta ven do Vlaamse Beweging ou Movemento Flamengo cuxo lema é:

«Of België met onze rechten, of onze rechten zonder België», ou, «a Bélxica con dereitos para todos ou os nosos dereitos sen a Bélxica».

Os principios básicos dunha boa administración baséanse na utilización exclusiva dunha lingua, e é evidente que a única lingua dos belgas debe ser o francés. Para alcanzar isto, é preciso todas as funcións civís e militares seren confiadas aos valons; desta maneira, os Flamengos, privados temporariamente das vantaxes ligadas a estes usos, veranse forzados a aprender o francés, e destruírase desta forma, paulatinamente, o elemento xermánico na Bélxica.

No seu interior existe unha pugna entre os particularistas, defensores dun flamengo desligado do holandés e os integracionistas, partidarios da unidade lingüística. A vitoria destes últimos é de grande importancia porque mostra que se a lingua dos flamengos goza dun estatuto nacional na Holanda tamén o pode ter na Flandres.

Flandres, s. XX

Na Primeira guerra mundial, 80% dos soldados son flamengos e non entenden o francés dos seus mandos. Cada flamengo morto en combate é enterrado baixo unha lápida que reza: *Mort pour la Patrie*.

En 1970 a constitución belga reconece un país federal, formado por tres comunidades: a flamenga, a francesa e a alemá e tres rexións: a valona, a flamenga e Bruxelas. Na actualidade, existe un rexime de unilinguismo territorial nas rexións flamenga e valona, un modelo similar ao da Suíza e o Quebec.

Por outras palabras, a lingua das institucións públicas, do ensino e da xustiza é a propia de cada comunidade.

